



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/1-(SESIÓN ORDINARIA MES FEBREIRO 2017)

PLENO

ACTA NÚM. 02/2017

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2017/2	O PLENO

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria (correspondente ao mes de febreiro/ano 2017)
Data e hora da convocatoria e duración da sesión	1ª convocatoria: 6 de febreiro de 2017 ás 20:00 2ª convocatoria: 6 de febreiro de 2017 ás 20:30 Inicio da sesión: 6 de febreiro de 2017 ás 20:05 Remate da sesión: 6 de febreiro de 2017 ás 21:07
Lugar	SALÓN PLENOS CASA CONSISTORIAL.CONCELLO BUEU Non admite participación a distancia.
Presidida por	Félix Juncal Novas (alcalde)
Secretaria	Nuria Lobato Del Río
Interventor	Marcos Vázquez Campaña

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52496661N	Ana Isabel Otero Pastoriza	SÍ
78735313B	Berta Pérez Hernández	NON
10826354R	Fidel Castro Quiroga	SÍ
35313656P	Inmaculada Rodríguez Dias	SÍ
35252027L	José Inocente García Cuervo	SÍ

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/1-(SESIÓN ORDINARIA MES FEBREIRO 2017)

52492233T	José Manuel Vilas Pastoriza	SÍ
33250222L	Juan Carlos Eirea Eireas	SÍ
52491222R	Julio Villanueva González	SÍ
35273283T	Manuel Otero Pérez	NON
52495763B	Manuel Santos Pires	SÍ (Se incorpora á sesión, ao inicio do 2º punto da orde do día, ás 20 horas e 10 minutos do expresado día)
52496098R	Martín Villanueva Pastoriza	SÍ
53110366P	Mercedes del Pilar Otero González	SÍ
52496537A	Mª José Pérez Piñeiro	SÍ
52493742Z	Mª Teresa López González	SÍ
53115453N	Silvia Carballo González	SÍ
53111731Q	Xosé Leal Fariña	SÍ

Sendo as as 20:05 horas do día 06 de febreiro de 2017, reúnese o Pleno da Corporación Municipal baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión ordinaria correspondente ao mes de febreiro de 2017, coa orde do día que resulta da Resolución da Alcaldía núm. 77/17 de data 01 de febreiro de 2017.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Previamente a Presidencia manifesta que nesta sesión se recupera o espazo habitual de celebración das sesións do pleno tras as obras de verificación da situación estrutural da casa consistorial. Continúa dando a benvinda ao concelleiro do G.P.M. de SON, o sr. Villanueva González, tras a súa convalecencia que lle impidiu asistir á derradeira sesión ordinaria do pleno correspondente ao mes de xaneiro.

Por outra banda o alcalde sinala os cambios formais na convocatoria das sesións plenarias que resultan, por vez primeira, da convocatoria da presente sesión feita mediante Resolución da Alcaldía núm. 77/17 de data 01 de febreiro de 2017 co obxecto de diferenciar os asuntos incluídos na parte resolutiva da sesión dos que corresponden, a un segundo bloque, consistente na actividade de control, para rematar co punto de rogos e preguntas, nas que de agora en adiante quedarán estruturadas as convocatorias para unha mellos sistemática e desenvolvemento das mesmas.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (NÚM. 01/2017 de 16.01.2017)

Favorable (maioría absoluta dos presentes)	Tipo de votación: Ordinaria, Nominal e a man alzada
---	--

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/1-(SESIÓN ORDINARIA MES FEBREIRO 2017)

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 3	
A favor	Félix Juncal Novas Fidel Castro Quiroga Inmaculada Rodríguez Dias José Inocente García Cuervo Juan Carlos Eirea Eireas Martín Villanueva Pastoriza M ^a Teresa López González Silvia Carballo González Xosé Leal Fariña José Manuel Vilas Pastoriza Mercedes del Pilar Otero González
En contra	---
Abstencións	Ana Isabel Otero Pastoriza M ^a José Pérez Piñeiro Julio Villanueva González
Ausentes	Manuel Santos Pires Berta Pérez Hernández Manuel Otero Pérez

Pola Presidencia dáse conta do borrador da acta núm. 01/17, correspondente á sesión ordinaria, correspondente ao mes de xaneiro, celebrada polo Pleno da corporación municipal o luns 16.01.2017.

Non producíndose intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a aman alzada, a aprobación o borrador da acta núm. 01/17, correspondente á sesión ordinaria, correspondente ao mes de xaneiro, celebrada polo Pleno da corporación municipal o luns 16.01.2017.

VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, por maioría absoluta de votos favorables dos seus membros asistentes con dereito a voto (once dos dezasete membros que de dereito á constitúen) (abstéñense de votar Ana Isabel Otero Pastoriza, M^a José Pérez Piñeiro e Julio Villanueva González, debido a que non se atopaban presentes na indicada sesión ordinaria do Pleno da corporación municipal), ACORDA PRESTARLLE APROBACIÓN, ao borrador da acta da sesión ordinaria, correspondente ao mes de xaneiro, núm. 01/17, celebrada o pasado luns 16.01.2017

2. PROPOSTA DE 23.01.2017 DO PRESIDENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE URBANISMO, PATRIMONIO E VIVENDA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DAS FUNCIÓNS DEFINIDAS NO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 29 DE XUÑO DE 2015..EXPEDIENTE 1653/2016.

Favorable (maioría absoluta dos presentes)	Tipo de votación: Ordinaria, Nominal e a man alzada
---	--

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/1-(SESIÓN ORDINARIA MES FEBREIRO 2017)

	A favor: 12, En contra: 03, Abstencións: 0, Ausentes: 2	
A favor	Félix Juncal Novas Fidel Castro Quiroga Inmaculada Rodríguez Dias José Inocente García Cuervo Juan Carlos Eirea Eireas Martín Villanueva Pastoriza M ^a Teresa López González Silvia Carballo González Xosé Leal Fariña Ana Isabel Otero Pastoriza M ^a José Pérez Piñeiro Julio Villanueva González	
En contra	Manuel Santos Pires Mercedes del Pilar Otero González José Manuel Vilas Pastoriza	
Abstencións	---	
Ausentes	Berta Pérez Hernández Manuel Otero Pérez	

(Se incorpora á sesión, o sr. Santos Pires, sendo ás 20 horas e 10 minutos do expresado día)

Pola Presidencia dáse conta do expediente 1653/2016 relativo á proposta de 23.01.2017 do presidente da Comisión informativa permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda relativa á modificación das funcións definidas no acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 29 de xuño de 2015, procedendo á lectura do resultado da votación do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, emitido con data 01/02/17, no seguinte senso:

“Sometida a votación esta proposta, a Comisión informativa de Facenda, Réxime Interior e Especial de Contas, cos votos a favor dos Concelleiros de BNG-Asembleas Abertas (5), SON (1) e a abstención formulada polos Concelleiros de PP (2), DITAMINA FAVORABLEMENTE A PROPOSTA de 23.01.2017 do presidente da comisión informativa permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda relativa á modificación das funcións definidas no acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 29 de xuño de 2015”

De seguido o Presidente cédelle a palabra ó Concelleiro Delegado de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda que xustifica a súa proposta, formulada con data 23.01.2017 e dictaminada con data 01.02.2017, nos seus propios termos, dando lectura á mesma co seguinte contido literal:

“No Pleno celebrado en sesión extraordinaria de 29.06.2015 se aprobou a proposta de alcaldía relativa á creación e composición das comisións informativas permanentes e especial de contas de data 22.06.2015.

Deste xeito, as funcións da Comisión Informativas Permanente de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda quedaron definidas concretamente como se transcribe a continuación:

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/1-(SESIÓN ORDINARIA MES FEBREIRO 2017)

“c) A comisión informativa permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda corresponderalle ademáis, ditaminar os asuntos que sexan sometidos á decisión da Xunta de Goberno Local en materia de aprobación dos instrumentos de planeamento e de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización e control municipal da construción e do uso dos predios mediante licenza municipal consistente no outorgamento das licenzas urbanísticas á que fai referencia o artigo 194 da lei 9/2012 trala modificación operada pola lei 9/2013.”

Tendo en conta os principios de eficiencia e economía administrativa e co fin de promover a celeridade nos trámites administrativos en beneficio dos cidadáns estímase necesario proceder á modificación das funcións propias da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda no senso de atribuírle a dación de conta dos actos administrativos relativos ao control municipal da construción e do uso dos predios mediante licenza municipal consistente no outorgamento das licenzas urbanísticas á que fai referencia o artigo 142 da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia

Correspondendo ao Pleno da corporación municipal a creación e determinación da composición das Comisións Informativas previstas no artigo 20.1.c) da lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LBRL) e 59 da Lei 5/97 da Administración Local de Galicia (LALGA), pola presente propoño ao pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1º Modificar as funcións comprendidas na área comepetencial da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda e definidas no acordo do pleno celebrado en sesión extraordinaria do 29.06.2015 en base á proposta de alcaldía de data 22.06.2015, no senso de modificar o apartado c) relativo ás funcións das Comisións Informativas Permanentes, concretamente onde dí:

“c) A comisión informativa permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda corresponderalle ademáis, ditaminar os asuntos que sexan sometidos á decisión da Xunta de Goberno Local en materia de aprobación dos instrumentos de planeamento e de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización e control municipal da construción e do uso dos predios mediante licenza municipal consistente no outorgamento das licenzas urbanísticas á que fai referencia o artigo 194 da lei 9/2012 trala modificación operada pola lei 9/2013.”

Quede redactado do seguinte xeito:

c) A comisión informativa permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda corresponderalle ademáis, ditaminar os asuntos que sexan sometidos á decisión da Xunta de Goberno Local en materia de aprobación dos instrumentos de planeamento e de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización e a dación de conta dos actos administrativos relativos ao control municipal da construción e do uso dos predios mediante licenza municipal consistente no outorgamento das licenzas urbanísticas á que fai referencia o artigo 142 da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.”

Rematada a lectura do ditame da comisión informativa permanente de facenda e da proposta do xeito indicado nos parágrafos anteriores, a presidencia declara aberto o debate

DEBATE

O sr. Santos Pires anuncia a súa oposición á proposta xustificándoa no xeito de que considera que evitar o ditame previo dos asuntos de urbanismo so retrasaría máis que aproximadamente unha



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/1-(SESIÓN ORDINARIA MES FEBREIRO 2017)

semana a súa resolución na correspondente sesión da XGL véndose afectado o acceso dos GPM da oposición aos correspondentes expedientes administrativos que, ata agora, tiñan garantido a través da celebración da correspondentes sesión extraordinaria de Urbanismo para emitir ditame previo neste tipo de procedementos.

Remata considerando que non cre tan eficaz a medida proposta como na parte expositiva se xustifica e, por contra, considera que afecta ao principio de transparencia e ao exercizo da función de control y fiscalización dos grupos políticos municipais da oposición municipal.

O sr. Vilas Pastoriza considera que os grupos da oposición non ten culpa do retraso na tramitación dos expedientes do departamento de urbanismo e manifesta que o concelleiro delegado de Urbanismo segue sen dar explicacións pormenorizadas do retraso de máis de seis meses na concesión das licenzas urbanísticas interesadas.

Considera que coa proposta de acordo que está a debaterse se ataca á oposición e non cre que este sexa o procedemento máis adecuado e así se llo fixo saber ao alcalde.

Engade que as licenzas, como acto regrado, xa veñen dadas a través dos correspondentes informes técnico e xurídico ás mesmas, e a Comisión informativa unicamente ditamina previo exame do expediente, sen ter facultades decisivas pero si de estudio, informe e control que agora se vedan. Neste senso, propuxo ao alcalde que se remitirá aos grupos da oposición unha relación dos asuntos que fan a someterse a consideración da correspondente XGL.

Na parte expositiva da proposta o concelleiro delegado de urbanismo a xustifica en razóns de eficiencia e economía administrativa e considera que tan so se tarda unha semana entre a convocatoria e a celebración da comisión para logo someter os asuntos a XGL, como moito son quince días dende que se convoca a comisión informativa ata que se resolven os expedientes en XGL, mentres que o retraso na tramitación destes expedientes acumula xa máis de seis meses, co cal, entende, que a razón non pode ser a convocatoria e celebracións das sesións extraordinarias da comisión informativa de urbanismo que co esta proposta pretende o goberno local eliminar.

Tampouco entende o aforro económico tendo en conta a baixa indemnización por asistencia a estas sesións e, pola contra, foi contratado persoal técnico para o departamento de urbanismo que si supón un incremento no gasto que soporta o concello neste eido.

Recorda ao concelleiro delegado de urbanismo que tiña solicitada a convocatoria dunha sesión para dar explicacións sobre esta situación a aínda non obtivo resposta algunha.

Remata a súa intervención manifestando que para gobernar a base a acordos de XGL e decretos, tal e como fixo na derradeira semana autorizando unha licenza de obra por decreto, sen ditaminar previamente, tal e como fai o goberno local, poderían aforrar as comisións informativas permanentes.

O sr. Santos Pires pregunta ao alcalde se terán acceso aos expedientes de urbanismo tal e como ata agora se facía ao convocar ás sesións extraordinarias da comisión informativa de urbanismo.

O sr. Alcalde resposta que terán acceso tal e como ata agora aos expedientes completos para poder exercer as súas funcións de control e fiscalización.

O sr. Villanueva González xustifica o seu apoio á proposta sempre que da mesma resulte mellorada a eficacia e eficiencia na tramitación dos expedientes para garantir unha pronta resolución das solicitudes de licenza urbanística.

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/1-(SESIÓN ORDINARIA MES FEBREIRO 2017)

Respecto a economía desexa que o goberno sexa congruente e cambie o seu voto na moción presentada por él e que será sometida nesta sesión, por vía de urxencia, respecto das asignacións aos grupos e que xa votou en contra na correspondente comisión informativa permanente.

O sr. Villanueva Pastoriza resposta, ao sr. Vilas, manifestando que coa formulación da proposta que está a debaterse non bota a culpa dos problemas que poidan existir no departamento de urbanismo á oposición municipal.

Respecto á xustificación da proposta argumenta que as razóns de economía se refiren a economía de medios e non á redución de gastos económicos.

Recorda que no departamento de urbanismo non so se tramitan solicitudes de licenza de obra senón tamén multitude de procedementos, tales como comunicacións de furanchos, ocupación do dominio público e das praias con establecementos de temporada, ou a tramitación de autorizacións de festas que, en ocasións, ralentizan a tramitación doutros expedientes.

No senso sinalado destaca o feito de que, no pasado ano, tramitáronse arredor de 300 comunicacións previas que se presentan por rexistro e deben ser tramitadas para comprobar que cumpren con todos os requisitos, evacuándose os correspondentes informes e, en moitas ocasións, debendo tramitar, en prazos moi cortos, requerimientos de subsanación das mesmas.

Manifesta que o concello de Bueu foi o primer concello da comarca en adaptarse ao novo réxime de comunicacións previas. Sinala que neste ano houbo que adaptar os modelos de documentos e a dinámica de traballo do departamento a importantes cambios derivados da nova lei de solo de Galicia de 2016 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como ao cambio radical que supuxo a entrada en vigor da nova L39/2015 de procedemento administrativo e o personal do departamento fixo un importante traballo tanto a nivel administrativo como xurídico para adaptarse a estes cambios do xeito que, na actualidade, o traballo está actualizado e macanizado.

Engade que a proposta trata de liberar a tramitación dos procedementos de cargas burocráticas innecesarias evitando ter que realizar convocatorias, celebrar sesións, levantar actas e certificar ditamenes para incorporar aos expedientes de solicitude de licenzas con carácter previo o seu sometemento ao órgano que debe decidir sobre as mesmas.

Respecto ás solicitudes de licenzas pendentes, recorda ao sr. Vilas que na derradeira sesión extraordinaria da comisión informativa previa á XGL se ditaminaron tan so tres de obra nova, o cal indica que non son tantas as solicitudes de licenza de obra nova pendentes de resolver.

Remata reiterando o manifestado e agradecendo publicamente a implicación do departamento de urbanismo en todo este tempo.

O sr. Vilas Pastoriza, abre unha segunda quenda de intervencións, manifestando que, pola intervención do concelleiro delegado de urbanismo, parece que o departamento de Urbanismo está moi saturado e considera posible que o caos sexa do funcionamento do concello en xeral. Qué fan o resto de departamentos?.

Considera posible que o departamento de urbanismo este tramitando procedementos que non lle corresponden e o resto de departamentos estean inmersos nun caos administrativo.

O sr. Alcalde non comparte a visión apocalíptica do sr. Vilas respecto do funcionamento do concello,



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/1-(SESIÓN ORDINARIA MES FEBREIRO 2017)

sobre todo tendo en conta os profundos cambios legislativos dos derradeiros anos que obriga a un profundo proceso de modernización administrativa do concello que, en moitas ocasións, produxeron disfuncións agravadas polo feito de que Bueu é un concello mediano con limitacións financeiras impostas dende a Administración xeral do Estado que lle impiden contar con medios axeitados para poder facer as cousas como o goberno local quere.

Nos derradeiros meses o concello de Bueu ha sufrido un profundo cambio nas formas de traballo sendo pioneiro, respecto ao resto de concellos da comarca, na implantación da administración electrónica para poder cumprir, en prazo, as obrigas impostas pola entrada en vigor da nova lei de procedemento e adiantándose incluso á Deputación provincial.

Non comparte a idea do sr. Vilas de que o concello este inmerso nun caos, senón que en anos anteriores non se tomaron as medidas necesarias con rigor e contundencia. Ata agora había nos departamentos papeis máis o menos ordeados e expedientes e agora hai procedementos administrativos que levan propostas de acordo, antecedentes documentais e informes con garantías xurídicas o que pode non ser de interese para a oposición pero si para a cidadanía que ve como as súas solicitudes se tramitan con garantías xurídicas e os expedientes que xeneran se localizan de forma áxil e eficaz.

Confía en que esta travesía sexa superada e se vaia normalizando todo e coa medida que se debate se pretende reducir traballo administrativo innecesario e racionalizar os procesos tendo en conta a economía de medios para garantir a eficiencia administrativa.

Respecto á alusión feita polo sr. Vilas respecto da licenza de obra outorgada por resolución de alcaldía, clarexa que se trataba da legalización dunha obra que se atopaba xudicializada e existía advertencia xudicial de imposición de multas ao alcalde, esixindo o xulgado a xustificación da autorización da legalización antes do 30 de xaneiro de 2017.

Neste senso, recorda ao sr. Vilas que o outorgamento de licenzas de obra é unha atribución propia do alcalde e, sen perxuízo da delegación operada ao respecto en favor da XGL, a normativa sobre procedemento prevé a avocación das delegacións efectuadas polos titulares de atribucións administrativas, polo tanto, a concesión de dita licenza se realizou co cumprimento das normas aplicables ao respecto, sen infrinxir norma algunha e quedando motivada e xustificada a avocación en dito acto administrativo.

A sra. Otero González pregunta se os prazos de outorgamento de licenzas se van a reducir co acordo que, no seu caso, se adopte en base á proposta que está a debaterse e cál é o prazo estimado de concesión.

O sr. Alcalde resposta qué é complicado sinalar un prazo estimado de concesión de licenzas pola complexidade destes expedientes xa que en moitas ocasións hai que formular requerimentos de subsanación das solicitudes inicialmente presentadas que dilatan no tempo a resolución definitiva das solicitudes de licenza.

O sr. Villanueva Pastoriza engade que poden necesitarse dous, tres, seis o máis dun ano para resolver as solicitudes dependendo de cada caso. En calquera caso, a nova normativa reduce significativamente os supostos nos que é preceptiva a licenza, establecendo como regra xeral, as comunicacións previas e declaracións responsables.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a amanalzada, a aprobación da proposta de 23.01.2017 do presidente da Comisión informativa



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/1-(SESIÓN ORDINARIA MES FEBREIRO 2017)

permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda relativa á modificación das funcións da Comisión informativa permanente de URBANISMO, PATRIMONIO E VIVENDA definidas no acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 29 de xuño de 2015 .

VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, por maioría absoluta de votos favorables dos seus membros asistentes con dereito a voto (12 votos a favor, dos que 11 corresponden aos concelleiros asistentes do GPM do BNG e 01 do concelleiro do GPM SON e 03 votos en contra, dos que 02 se corresponden aos concelleiros do GPM PP e 01 ao concelleiro do GPM do PSdeG-PSOE), acorda modificar as funcións comprendidas na área competencial da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda e definidas no acordo do pleno celebrado en sesión extraordinaria do 29.06.2015 en base á proposta de alcaldía de data 22.06.2015, no senso de modificar o apartado c) relativo ás funcións das Comisións Informativas Permanentes, concretamente onde dí:

“c) A comisión informativa permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda corresponderalle ademáis, ditaminar os asuntos que sexan sometidos á decisión da Xunta de Goberno Local en materia de aprobación dos instrumentos de planeamento e de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización e control municipal da construción e do uso dos predios mediante licenza municipal consistente no outorgamento das licenzas urbanísticas á que fai referencia o artigo 194 da lei 9/2012 trala modificación operada pola lei 9/2013.”

Quede redactado do seguinte xeito:

c) A comisión informativa permanente de urbanismo, patrimonio e vivenda corresponderalle ademáis, ditaminar os asuntos que sexan sometidos á decisión da Xunta de Goberno Local en materia de aprobación dos instrumentos de planeamento e de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización e a dación de conta dos actos administrativos relativos ao control municipal da construción e do uso dos predios mediante licenza municipal consistente no outorgamento das licenzas urbanísticas á que fai referencia o artigo 142 da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

3. MOCIÓN PRESENTADA POR GPM BNG DE 25.01.2017 RELATIVA Á IMPOSICIÓN DUNHA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS TITULARES DE INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS OU HIDROCARBUROS.

Favorable (unanimidade dos presentes)	Tipo de votación: Ordinaria, Nominal e a man alzada A favor: 15, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 2	
	A favor	Félix Juncal Novas Fidel Castro Quiroga Inmaculada Rodríguez Dias José Inocente García Cuervo Juan Carlos Eirea Eireas Martín Villanueva Pastoriza M ^a Teresa López González

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/1-(SESIÓN ORDINARIA MES FEBREIRO 2017)

		Silvia Carballo González Xosé Leal Fariña Ana Isabel Otero Pastoriza M ^a José Pérez Piñeiro Julio Villanueva González Manuel Santos Pires Mercedes del Pilar Otero González José Manuel Vilas Pastoriza
	En contra	---
	Abstencións	---
	Ausentes	Berta Pérez Hernández Manuel Otero Pérez

Pola Presidencia dáse conta da moción presentada por GPM do BNG de 18.01.2017 (RE núm. 618 de 25.01.2017) de relativa á imposición dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos, procedendo á lectura do resultado da votación do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, emitido con data 01/02/17, no seguinte senso:

“Sometida a votación a Moción presentada polo Grupo Municipal BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, a mesma foi aprobada por unanimidade dos Sres. Concelleiros que asistiron a esta Comisión, en total 8 votos dos Grupos Municipais de BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, PP, e SON que SOLICITA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL ADOPCIÓN DE ACORDO DE iniciar os estudos e xestións necesarias para a tramitación e aprobación dunha ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos, e solicitar dos departamentos de Intervención e/ou Tesourería Municipal informe previo que determine, no seu caso, si Auga, Telefonía e outros supostos estarían incluídos na Sentenza do Tribunal Supremo, relativa á imposición dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos.”

De seguido a presidencia xustifica a citada moción, formulada con data 18.01.2017 e dictaminada con data 01.02.2017 nos seus propios termos, dando lectura á mesma co seguinte contido literal:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Bueu, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa abordar o estudo, tramitación e aprobación dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tribunal Supremo vén de avalar en diversas sentenzas que os concellos graven as empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos pola utilización do dominio público local cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos e que inclúe a súa utilidade.

Fronte á pretensión de anulación de diversas ordenanzas municipais que fixaron unha taxa específica con ese obxecto, emitíronse de momento cinco sentenzas que sentan doutrina dando a razón aos

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/1-(SESIÓN ORDINARIA MES FEBREIRO 2017)

concellos e pechan un longo enfrontamento entre municipios e compañías, sobre todo eléctricas, que se negaban a pagar estas taxas.

Estes fallos, contrarios a Unión Fenosa, Gas Galicia e Red Eléctrica, e con impacto directo no resto do sector eléctrico e tamén noutros sectores que empregan o dominio público para o transporte de gas ou hidrocarburos, requiren que as ordenanzas fiscais regulen unha taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas e hidrocarburos.

Ademais, tamén se validan os criterios empregados polos informes técnico-económicos onde se valora o solo ocupado como se esas liñas e canalizacións se tratasen de construcións a efectos de calcular a base impoñíbel da taxa.

A Lei Reguladora das Facendas Locais estableceu en 2004 que as empresas eléctricas, de gas, de auga e hidrocarburos están obrigadas a pagar unha taxa fixada por un informe técnico-económico por atravesar o dominio público local, aínda que non os subministren. Malia esa habilitación legal, e unha vez se aprobaron ordenanzas reguladoras para fixar esa obriga de xeito concreto, as empresas non aboaron nunca dita taxa, amosando belixerancia e conflictividade xudicial contra as entidades locais que a impulsaron, negando uns recursos lexítimos ás entidades locais necesarios para poder afortalar os servizos locais.

As propias sentenzas emitidas avalan o cálculo das tarifas da taxa de acordo cun estudo técnico-económico onde se empregan como criterios para obter o seu valor a suma do valor catastral do solo rústico con construcións co valor das instalacións, e a base impoñíbel é resultado de multiplicar ese valor do inmóbel ao coeficiente de relación co mercado e a ocupación en metro cadrado que corresponde a cada metro lineal. Así, a cota a pagar sitúase entre 3.000 euros e 12.000 euros por metro lineal no caso das instalacións de transporte eléctrico, segundo o tipo de tensión -baixa, media ou alta-, e no que atinxe ás de transporte de gas, oscila entre os 500 euros e os 4.000 euros.

Aclárase expresamente que é legal a pretensión dos concellos de gravar a utilidade que lle reporta ás empresas de enerxía, gas ou hidrocarburos a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo que forma parte do dominio público, con exclusión doutros usos, para unha actividade netamente industrial consistente en transportar e distribuír enerxía eléctrica (partindo dos casos axuízados nas sentenzas) mais tamén gas ou hidrocarburos (ao estenderse a dito obxecto as ordenanzas validadas xudicialmente).

Unha vez resolta a controversia xudicial a prol dos concellos, cómpre iniciar os procesos e trámites necesarios para poder facer efectiva a taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos neste concello.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG de Bueu, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte A C O R D O

